

REAL DECRETO 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo.

A Lei 31 / 1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, determina o corpo básico de garantías e responsabilidades preciso para establecer un adecuado nivel de protección da saúde dos traballadores fronte aos riscos derivados das condicións de traballo, no marco dunha política coherente, coordinada e eficaz. Segundo o artigo 6 da mesma serán as normas regulamentarias as que irán fixando e concretando os aspectos máis técnicos das medidas preventivas.

Así, son as normas de desenvolvemento regulamentario as que deben fixar as medidas mínimas que deben adoptarse para a adecuada protección dos traballadores. Entre elas atópanse as destinadas a garantir a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo.

No mesmo sentido, hai que ter en conta que, no ámbito da Unión Europea, fixéronse, mediante as correspondentes Directivas, criterios de carácter xeral sobre as accións en materia de seguridade e saúde nos centros de traballo, así como os criterios específicos referidos a medidas de protección contra accidentes e situacións de risco. Concretamente, a Directiva 90 / 679 / CEE, do 26 de novembro, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo, establece as disposicións específicas mínimas neste ámbito; esta Directiva foi posteriormente modificada pola Directiva 93 / 88 / CEE, do 12 de outubro, e adaptada ao progreso técnico pola Directiva 95 / 30 / CE, do 30 de xuño. Mediante o presente Real Decreto procédese á transposición ao Dereito español do contido das tres Directivas mencionadas.

En virtude dela, de conformidade co artigo 6 da Lei 31 / 1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, a proposta dos Ministerios de Traballo e Asuntos Sociais e de Sanidade e Consumo, consultadas as organizacións empresariais e sindicais máis representativas, oída a Comisión Nacional de Seguridade e de Saúde no Traballo, de acordo co Consello de Estado e previa deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de maio de 1997,

Dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

1. O presente Real Decreto ten por obxecto, no marco da Lei 31 / 1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, a protección dos traballadores contra os riscos para a súa saúde e a súa seguridade derivados da exposición a axentes biolóxicos durante o traballo, así como a prevención dos devanditos riscos.

2. Mediante o presente Real Decreto establécense as disposicións mínimas aplicables ás actividades nas que os traballadores estean ou poidan estar expostos a axentes biolóxicos debido á natureza da súa actividade laboral.

3. As disposicións do Real Decreto 39 / 1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servicios de Prevención, aplicaráselle plenamente ao conxunto do ámbito contemplado no apartado anterior, sen prexuízo das disposicións máis rigorosas ou específicas previstas no presente Real Decreto.

4. O presente Real Decreto será aplicable sen prexuízo do disposto na Lei 15 / 1994, do 3 de xuño, pola que se establece o réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e

comercialización de organismos modificados xeneticamente, a fin de previr os riscos para a saúde humana e o medio ambiente.

Artigo 2. Definicións.

Para os efectos do presente Real Decreto entenderase por:

a) Axentes biolóxicos: microorganismos, con inclusión dos xeneticamente modificados, cultivos celulares e endoparasitos humanos, susceptibles de orixinaren calquera tipo de infección, alerxia ou toxicidade.

b) Microorganismos: toda entidade microbiolóxica, celular ou non, capaz de reproducirse ou de transferir material xenético.

c) Cultivo celular: o resultado do crecemento «in vitro» de células obtidas de organismos multicelulares.

Artigo 3. Clasificación dos axentes biolóxicos.

1. Para os efectos do disposto no presente Real Decreto, os axentes biolóxicos clasifícanse, en función do risco de infección, en catro grupos:

a) Axente biolóxico do grupo 1: aquel que resulta pouco probable que cause unha enfermidade no home.

b) Axente biolóxico do grupo 2: aquel que pode causar unha enfermidade no home e que pode supor un perigo para os traballadores, sendo pouco probable que se propague á colectividade e existindo xeralmente profilaxe ou tratamento eficaz.

c) Axente biolóxico do grupo 3: aquel que pode causar unha enfermidade grave no home e que presenta un serio perigo para os traballadores, con risco de que se propague á colectividade e existindo xeralmente unha profilaxe ou tratamento eficaz.

d) Axente biolóxico do grupo 4: aquel que causando unha enfermidade grave no home, supón un serio perigo para os traballadores, con moitas probabilidades de que se propague á colectividade e sen que exista xeralmente unha profilaxe ou tratamento eficaz.

2. No anexo II deste Real Decreto preséntase unha lista de axentes biolóxicos, clasificados nos grupos 2, 3 ou 4, seguindo o criterio exposto no apartado anterior. Para certos axentes proporciónanse tamén informacións engadidas de utilidade preventiva.

Para a correcta utilización da devandita lista, deberán terse en conta as notas introductorias contidas no devandito anexo.

CAPÍTULO II

Obrigas do empresario

Artigo 4. Identificación e avaliación de riscos.

1. De acordo co disposto no artigo 2 do Real Decreto 39 / 1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servicios de Prevención, identificados un ou máis riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo, procederáse, para aqueles que non puidesen evitarse, a avaliar os mesmos determinando a natureza, o grao e a duración da exposición dos traballadores.

Cando se trate de traballos que impliquen a exposición a varias categorías de axentes biolóxicos, os riscos avaliaranse baseándose no perigo que supoñan todos os axentes biolóxicos presentes.

2. Esta avaliación deberá repetirse periodicamente e, en calquera caso, cada vez que se produza un cambio nas condicións que poida afectarlle á exposición dos traballadores a axentes biolóxicos.

Así mesmo procederase a unha nova avaliación do risco cando se teña detectado nalgún traballador unha infección ou enfermidade que se sospeite que sexa consecuencia dunha exposición a axentes biolóxicos no traballo.

3. A avaliación mencionada no apartado anterior efectuarase tendo en conta toda a información dispoñible e, en particular:

a) A natureza dos axentes biolóxicos aos que estean ou poidan estar expostos os traballadores e o grupo a que pertencen, de acordo coa táboa e cos criterios de clasificación contidos no anexo II. Se un axente non consta na táboa, o empresario previa consulta aos representantes dos traballadores, deberá estimar o seu risco de infección tendo en conta as definicións previstas no primeiro apartado do artigo 3 do presente Real Decreto, para os efectos de asimilalo provisoriamente aos incluídos nun dos catro grupos previstos no mesmo. En caso de dúbida entre dous grupos deberá considerarse no de perigosidade superior.

b) As recomendacións das autoridades sanitarias sobre a conveniencia de controlar o axente biolóxico a fin de protexer a saúde dos traballadores que estean ou poidan estar expostos ao devandito axente en razón do seu traballo.

c) A información sobre as enfermidades susceptibles de seren contraídas polos traballadores como resultado da súa actividade profesional.

d) Os efectos potenciais, tanto alérxicos coma tóxicos, que poidan derivarse da actividade profesional dos traballadores.

e) O coñecemento dunha enfermidade que se teña detectado nun traballador e que estea directamente vencellada ao seu traballo.

f) O risco engadido para aqueles traballadores especialmente sensibles en función das súas características persoais ou estado biolóxico coñecido, debido a circunstancias tales como patoloxías previas, medicación, trastornos inmunitarios, embarazo ou lactancia.

4. Se os resultados da avaliación amosan que a exposición ou a posible exposición se refire a un axente biolóxico do grupo 1 que non presente un risco coñecido para a saúde dos traballadores, non resultarán de aplicación os artigos 5 a 15 deste Real Decreto. Non obstante, observarase o disposto no apartado 1 da observación preliminar do anexo V.

5. Se os resultados da avaliación revelan que a actividade non implica a intención deliberada de manipular axentes biolóxicos ou de utilizalos no traballo pero pode provocar a exposición dos traballadores aos devanditos axentes, aplicaranse as disposicións dos artigos 5 a 13 deste Real Decreto, agás que os resultados da avaliación non o fixesen necesario.

6. O anexo I deste Real Decreto contén unha lista indicativa de actividades nas que podería resultar de aplicación o disposto no apartado anterior.

Artigo 5. Substitución de axentes biolóxicos.

Tendo en conta a información técnica e científica dispoñible, o empresario, cando a natureza da actividade o permita, evitará a utilización de axentes biolóxicos perigosos mediante a súa substitución por outros axentes que, en función das condicións de utilización, non sexan perigosos para a seguridade ou a saúde dos traballadores, ou que o sexan en menor grao.

Artigo 6. Reducción dos riscos.

1. Se os resultados da avaliación a que se refire o artigo 4 puxesen de manifesto un risco para a seguridade ou a saúde dos traballadores por exposición a axentes biolóxicos, deberá evitarse a devandita exposición. Cando iso non resulte factible por motivos técnicos, tendo en conta a actividade desenvolvida, reducirase o risco de exposición ao nivel máis baixo posible para garantir adecuadamente a seguridade e a saúde dos traballadores afectados, en particular por medio das seguintes medidas:

- a) Establecemento de procedementos de traballo adecuados e utilización de medidas técnicas apropiadas para evitar ou minimizar a liberación de axentes biolóxicos no lugar de traballo.
- b) Redución, ao mínimo posible, do número de traballadores que estean ou poidan estar expostos.
- c) Adopción de medidas seguras para a recepción, manipulación e transporte dos axentes biolóxicos dentro do lugar de traballo.
- d) Adopción de medidas de protección colectiva ou, na súa ausencia, de protección individual, cando a exposición non poida evitarse por outros medios.
- e) Utilización de medios seguros para a recollida, almacenamento e evacuación de residuos polos traballadores, incluído o uso de recipientes seguros e identificables, previo tratamento adecuado se for necesario.
- f) Utilización de medidas de hixiene que eviten ou dificulten a dispersión do axente biolóxico fóra do lugar de traballo.
- g) Utilización dun sinal de perigo biolóxico como o indicado no anexo III deste Real Decreto, así como doutros sinais de advertencia pertinentes.
- h) Establecemento de plans para facerlle fronte a accidentes dos que poidan derivarse exposicións a axentes biolóxicos.
- i) Verificación, cando sexa necesaria e tecnicamente posible, da presenza de axentes biolóxicos utilizados no traballo fóra do confinamento físico primario.

2. A avaliación de riscos a que se refire o artigo 4 deberá identificar a aqueles traballadores para os que poida ser necesario aplicar medidas especiais de protección.

Artigo 7. Medidas hixiénicas.

1. En todas as actividades nas que exista risco para a saúde ou a seguridade dos traballadores como consecuencia do traballo con axentes biolóxicos, o empresario deberá adoptar as medidas necesarias para:

- a) Prohibir que os traballadores coman, beban ou fumen nas zonas de traballo nas que exista o devandito risco.
- b) Fornecer aos traballadores de roupas de protección apropiadas ou doutro tipo de pezas especiais adecuadas.
- c) Dispor de retretes e cuartos de aseo apropiados e adecuados para uso dos traballadores, que inclúan produtos para a limpeza ocular e antisépticos para a pel.
- d) Dispor dun lugar determinado para o almacenamento adecuado dos equipos de protección e verificar que se limpan e que se comproba o seu bo funcionamento, se fose posible con anterioridade e, en todo caso, despois de cada utilización, reparando ou substituíndo os equipos defectuosos antes dun novo uso.
- e) Especificar os procedementos de obtención, manipulación e procesamento de mostras de orixe humana ou animal.

2. Os traballadores disporán, dentro da xornada laboral, de 10 minutos para o seu aseo persoal antes da comida e outros 10 minutos antes de abandonar o traballo.

3. Ao saír da zona de traballo, o traballador deberá quitar as roupas de traballo e os equipos de protección persoal que poidan estar contaminados por axentes biolóxicos e deberá gardalos en lugares que non conteñan outras roupas.

4. O empresario responsabilizarase do lavado, descontaminación e, en caso necesario, destrución da roupa de traballo e dos equipos de protección a que se refire o apartado anterior, quedando rigorosamente prohibido que os traballadores os leven ao seu domicilio para tal fin. Cando contratase tales operacións con empresas idóneas para o efecto, estará obrigado a asegurar que a roupa e os equipos se envíen en recipientes pechados e etiquetados coas advertencias precisas.

5. De acordo co apartado 5 do artigo 14 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, o custe das medidas relativas á seguridade e á saúde no traballo establecidas polo presente Real Decreto non deberá recaer, de ningún modo, sobre os traballadores.

Artigo 8. Vixilancia da saúde dos traballadores.

1. O empresario garantirá unha vixilancia adecuada e específica da saúde dos traballadores en relación cos riscos por exposición a axentes biolóxicos, realizada por persoal sanitario competente, segundo determinen as autoridades sanitarias nas pautas e nos protocolos que se elaboren, de conformidade co disposto no apartado 3 do artigo 37 do Real Decreto 39 / 1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servicios de Prevención. A devandita vixilancia deberáselles ofrecer aos traballadores nas seguintes ocasións:

a) Antes da exposición.

b) A intervalos regulares no sucesivo, coa periodicidade que os coñecementos médicos aconsellen, considerando o axente biolóxico, o tipo de exposición e a existencia de probas eficaces de detección precoz.

c) Cando sexa necesario por terse detectado nalgún traballador, con exposición similar, unha infección ou enfermidade que poida deberse á exposición a axentes biolóxicos.

2. Os traballadores poderán solicitar a revisión dos resultados da vixilancia da súa saúde.

3. Cando exista risco por exposición a axentes biolóxicos para os que haxa vacinas eficaces, estas deberán pórse a disposición dos traballadores, informándoos das vantaxes e dos inconvenientes da vacinación. Cando os empresarios ofrezan as vacinacións deberán ter en conta as recomendacións prácticas contidas no anexo VI deste Real Decreto.

O disposto no parágrafo anterior será tamén de aplicación en relación con outras medidas de pre exposición eficaz que permitan realizar unha adecuada prevención primaria.

O ofrecemento ao traballador da medida correspondente e a súa aceptación deberán constar por escrito.

4. O Médico encargado da vixilancia da saúde dos traballadores deberá estar familiarizado, na medida do posible, coas condicións e coas circunstancias de exposición de cada un dos traballadores. En calquera caso, poderá propor medidas individuais de prevención ou de protección para cada traballador en particular.

5. Deberá levarse un historial médico individual dos traballadores obxecto de vixilancia sanitaria.

6. Aconsellarase e informarase aos traballadores no relativo a calquera control médico que sexa pertinente efectuar con posterioridade ao cesamento á exposición. En particular, resultará de aplicación para os devanditos traballadores o establecido no parágrafo e) do apartado 3 do artigo 37 do Real Decreto 39 / 1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servicios de Prevención, en materia de vixilancia da saúde máis alá da finalización da relación laboral.

Artigo 9. Documentación.

1. O empresario está obrigado a dispor de:

a) A documentación sobre os resultados da avaliación a que se refire o artigo 4, así como os criterios e os procedementos de avaliación e os métodos de medición, análise ou ensaio utilizados.

b) Unha lista dos traballadores expostos na empresa a axentes biolóxicos dos grupos 3 e 4, indicando o tipo de traballo efectuado e o axente biolóxico ao que estivesen expostos, así como un rexistro das correspondentes exposicións, accidentes e incidentes.

2. O empresario deberá adoptar as medidas necesarias para a conservación dun rexistro dos historiais médicos individuais previstos no apartado 5 do artigo 8 do presente Real Decreto, sen prexuízo do disposto no artigo 22 da Lei de Prevención de Riscos Laborais.

3. A lista dos traballadores expostos e os historiais médicos deberán conservarse durante un prazo mínimo de dez anos despois de finalizar a exposición; este prazo ampliarase ata corenta anos en caso de exposicións que puidesen dar lugar a unha infección na que concorran algunha das seguintes características:

a) Devida a axentes biolóxicos con capacidade coñecida de provocar infeccións persistentes ou latentes.

b) Que non sexa diagnosticable cos coñecementos actuais, ata a manifestación da enfermidade moitos anos despois.

c) Que o seu período de incubación, previo á manifestación da enfermidade, sexa especialmente prolongado.

d) Que dea lugar a unha enfermidade con fases de recorrencia durante un tempo prolongado, a pesar do tratamento.

e) Que poida ter secuelas importantes a longo prazo.

4. A documentación a que se refire o parágrafo b) do apartado 1 será adicional á que o empresario deberá elaborar de acordo co artigo 23 da Lei de Prevención de Riscos Laborais e estará suxeita ao mesmo réxime xurídico que esta, en especial no que se refire á súa posta a disposición das autoridades laboral e sanitaria, e ao acceso e á confidencialidade da información.

5. O tratamento automatizado de datos persoais só poderá realizarse nos termos previstos na Lei Orgánica 5 / 1992, do 29 de outubro, de Regulación do Tratamento Automatizado dos Datos de Carácter Persoal.

Artigo 10. Notificación á autoridade laboral.

1. A utilización, por primeira vez, de axentes biolóxicos dos grupos 2, 3 ou 4 deberá notificárselle con carácter previo á autoridade laboral cunha antelación mínima de trinta días ao inicio dos traballos.

Así mesmo, notificaráselle, previamente, a utilización, por primeira vez, de calquera outro axente biolóxico do grupo 4, así como de calquera novo axente biolóxico que fose asimilado provisoriamente polo empresario aos do grupo 3, de acordo co disposto no parágrafo a) do apartado 3 do artigo 4.

2. Non obstante, aos laboratorios que efectúen servicios de diagnóstico relacionados con axentes biolóxicos do grupo 4 esixiráselles unicamente a notificación inicial de tal propósito.

3. A notificación a que se refire o presente artigo incluirá:

- a) O nome e o enderezo da empresa ou centro de traballo.
- b) O nome e a formación da persoa ou persoas con responsabilidades en materia de prevención na empresa.
- c) O resultado da avaliación mencionada no artigo 4.
- d) A especie do axente biolóxico.
- e) As medidas de prevención e protección previstas.

4. Efectuarase unha nova notificación sempre que se introduzan cambios substanciais nos procesos ou procedementos de traballo con repercusións nas condicións de seguridade e de saúde que invaliden a notificación anterior.

Artigo 11. Información ás autoridades competentes.

1. O empresario terá a disposición das autoridades laboral e sanitaria a documentación relativa aos resultados da avaliación a que se refire o artigo 4 deste Real Decreto, incluíndo a natureza, grao e duración da exposición, así como os criterios e procedementos de avaliación e os métodos de medición, análise ou ensaio que fosen utilizados.

2. Cando a devandita avaliación poña de manifesto que existen riscos para a seguridade ou a saúde dos traballadores, o empresario informará ás autoridades laboral ou sanitaria que o soliciten, sobre:

- a) As actividades nas que os traballadores estivesen ou puidesen estar expostos a axentes biolóxicos.
- b) O número de traballadores expostos.
- c) O nome e a formación da persoa ou persoas con responsabilidades en materia de prevención na empresa.
- d) As medidas de prevención e de protección adoptadas, incluíndo os procedementos e métodos de traballo.
- e) Un plan de emerxencia para a protección dos traballadores fronte a unha exposición a un axente biolóxico dos grupos 3 e 4, en caso de fallo da contención física.

3. O empresario informará inmediatamente ás autoridades laboral e sanitaria de calquera accidente ou incidente que puidese provocar a liberación de calquera axente biolóxico e que poida causar unha grave infección ou enfermidade no home.

4. Comunicaráselles ás autoridades laboral e sanitaria todos os casos de enfermidade ou falecemento que se identificasen como resultantes dunha exposición profesional a axentes biolóxicos.

5. A lista mencionada no parágrafo b) do apartado 1 do artigo 9 e os historiais médicos a que se refire o apartado 5 do artigo 8 deberán remitirse á autoridade laboral en caso de que a empresa cese na súa actividade.

Os historiais médicos seranlle remitidos pola autoridade laboral á sanitaria, quen os conservará, garantíndose, en todo caso, a confidencialidade da información neles contida. En ningún caso a autoridade laboral conservará copia dos citados historiais.

Artigo 12. Información e formación dos traballadores.

1. Sen prexuízo do artigo 18 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, o empresario adoptará as medidas adecuadas para que os traballadores e os representantes dos traballadores sexan informados sobre calquera medida relativa á seguridade e á saúde que se adopte en cumprimento do presente Real Decreto. Así mesmo, o empresario tomará as medidas apropiadas para garantir que os traballadores e os representantes dos traballadores reciban unha formación suficiente e adecuada e

información precisa baseada en todos os datos dispoñibles, en particular en forma de instrucións, en relación con:

- a) Os riscos potenciais para a saúde.
- b) As precaucións que deberán tomar para previr a exposición.
- c) As disposicións en materia de hixiene.
- d) A utilización e o emprego de roupa e de equipos de protección individual.
- e) As medidas que deberán adoptar os traballadores en caso de incidentes e para a prevención destes.

2. A devandita formación deberá:

- a) Dispensarse cando o traballador se incorpore a un traballo que supoña un contacto con axentes biolóxicos.
- b) Adaptarse á aparición de novos riscos e á súa evolución.
- c) Repetirse periodicamente se for necesario.

3. O empresario dará instrucións escritas no lugar de traballo e, se procede, colocará avisos que conteñan, como mínimo, o procedemento que deberá de seguirse:

- a) En caso de accidente ou incidente graves que impliquen a manipulación dun axente biolóxico.
- b) En caso de manipulación dun axente biolóxico do grupo 4.

4. Os traballadores comunicaranlle inmediatamente calquera accidente ou incidente que implique a manipulación dun axente biolóxico ao seu superior xerárquico directo e á persoa ou persoas con responsabilidades en materia de prevención na empresa.

5. O empresario informará inmediatamente aos traballadores e aos seus representantes de calquera accidente ou incidente que provocase a liberación dun axente biolóxico capaz de causar unha grave infección ou enfermidade no home.

Ademais, o empresario informará, o antes posible, aos traballadores e aos seus representantes de calquera accidente ou incidente grave, da súa causa e das medidas adoptadas, ou que se vaian adoptar, para remediar tal situación.

6. Os traballadores terán acceso á información contida na documentación á que se refire o parágrafo b) do apartado 1 do artigo 9 cando a devandita información lles incumba a eles mesmos.

Así mesmo, os representantes dos traballadores ou, na súa ausencia, os propios traballadores terán acceso a calquera información colectiva anónima.

A pedimento dos representantes dos traballadores ou, na súa ausencia, dos propios traballadores o empresario subministrarlles a información prevista nos apartados 1 e 2 do artigo 11.

Artigo 13. Consulta e participación dos traballadores.

A consulta e participación dos traballadores ou dos seus representantes sobre as cuestións a que se refire este Real Decreto realizaranse de conformidade co disposto no apartado 2 do artigo 18 da Lei de Prevención de Riscos Laborais.

CAPÍTULO III

Disposicións varias

Artigo 14. Establecementos sanitarios e veterinarios distintos dos laboratorios de diagnóstico.

1. Sen prexuízo do disposto nos capítulos anteriores do presente Real Decreto, no caso dos establecementos sanitarios e veterinarios distintos dos laboratorios de diagnóstico, a avaliación a que se refire o artigo 4 deberá ter especialmente en conta os riscos inherentes ás actividades desenvolvidas nos mesmos e, particularmente, a incerteza acerca da presenza de axentes biolóxicos no organismo de pacientes humanos, de animais, ou de materiais ou mostras procedentes destes, e o perigo que tal presenza podería supor.

2. Tomaranse medidas apropiadas nos devanditos servizos para garantir de modo adecuado a protección sanitaria e a seguridade dos traballadores afectados.

As devanditas medidas comprenderán en particular:

- a) A especificación de procedementos apropiados de descontaminación e de desinfección, e
- b) A aplicación de procedementos que permitan manipular e eliminar sen riscos os residuos contaminados.

3. Nos servizos de illamento en que se encontran pacientes ou animais que estean ou que se sospeite que estean contaminados por axentes biolóxicos dos grupos 3 ou 4 seleccionaranse medidas de contención de entre as que figuran na columna A do anexo IV deste Real Decreto, con obxecto de minimizar o risco de infección.

Artigo 15. Medidas especiais aplicables aos procedementos industriais, aos laboratorios e aos locais para animais.

1. Sen prexuízo do disposto nos capítulos anteriores do presente Real Decreto, nos laboratorios, incluídos os laboratorios de diagnóstico e de investigación, e nos locais destinados a animais de laboratorio, deliberadamente contaminados por axentes biolóxicos dos grupos 2, 3 ou 4 ou que sexan ou que se sospeite que son portadores destes axentes, tomaranse as medidas adecuadas de conformidade co disposto nos apartados seguintes:

a) Os laboratorios que emprendan traballos que impliquen a manipulación de axentes biolóxicos dos grupos 2, 3 ou 4 con fins de investigación, desenvolvemento, ensino ou diagnóstico deberán establecer medidas de contención de conformidade co anexo IV deste Real Decreto, a fin de reducir ao mínimo o risco de infección.

b) En función do resultado da avaliación a que se refire o artigo 4, deberán tomarse medidas de conformidade co anexo IV deste Real Decreto, despois de que fose fixado o nivel de contención física requirido polos axentes biolóxicos en función do grao de risco.

As actividades que supoñan a manipulación dun axente biolóxico executaranse:

1.º Unicamente en zonas de traballo que correspondan polo menos ao nivel 2 de contención, para un axente biolóxico do grupo 2.

2.º Unicamente en zonas de traballo que correspondan polo menos ao nivel 3 de contención, para un axente biolóxico do grupo 3.

3.º Unicamente en zonas de traballo que correspondan polo menos ao nivel 4 de contención, para un axente biolóxico do grupo 4.

c) Os laboratorios que manipulen materiais con respecto aos cales exista incerteza acerca da presenza de axentes biolóxicos que poidan causar unha enfermidade no home, pero que non teñan como obxectivo traballar con eles como tales, cultivándoos ou concentrándoos, deberán adoptar, polo menos, o nivel 2 de contención. Deberán utilizarse os niveis 3 e 4, cando proceda, sempre que

se saiba ou que se sospeite que son necesarios, agás cando as liñas directrices establecidas polas autoridades sanitarias indiquen que, nalgúns casos, convén un nivel de contención menor.

2. Sen prexuízo do disposto nos capítulos anteriores do presente Real Decreto, nos procedementos industriais que utilicen axentes biolóxicos dos grupos 2, 3 ou 4 deberán tomarse as medidas adecuadas de conformidade co disposto nos apartados seguintes:

a) Os principios en materia de contención expostos no segundo parágrafo do parágrafo b) do apartado 1 deben aplicarse baseándose nas medidas concretas e os procedementos adecuados que figuran no anexo V deste Real Decreto.

b) En función do resultado da avaliación do risco vencellado ao emprego de axentes biolóxicos dos grupos 2, 3 ou 4, as autoridades laboral e sanitaria, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán decidir as medidas adecuadas que deberán aplicarse para o uso industrial de tales axentes biolóxicos.

c) Todas as actividades reguladas polo presente artigo nas que non fose posible proceder a unha avaliación concluínte dun axente biolóxico, pero cunha utilización prevista da que pareza que poida derivarse un risco grave para a saúde dos traballadores, unicamente poderán realizarse en locais de traballo cun nivel de contención que corresponda, polo menos, ao nivel 3.

Disposición adicional única. Remisión de documentación e información ás autoridades sanitarias.

As autoridades laborais remitiranlle ás autoridades sanitarias copia de tanta documentación e información reciban das empresas de conformidade co disposto nos artigos 9, 10 e 11 deste Real Decreto.

Disposición transitoria única. Notificación á autoridade laboral.

